



FRANCISCO LOIMIL GARRIDO  
 asociación REAL SOCIEDAD ECONOMICA DE AMIGOS DEL PAIS DE LA CIUDAD DE  
 SANTIAGO  
 PRAZA SALVADOR PARGA, 4, 1º  
 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A Coruña)

**Asunto:** Resolución de inscripción de Xunta Directiva.

Con data 31/07/2020 recibíuse solicitude de inscripción da modificación da xunta directiva, formulada por FRANCISCO LOIMIL GARRIDO en nome e representación da **asociación REAL SOCIEDAD ECONOMICA DE AMIGOS DEL PAIS DE LA CIUDAD DE SANTIAGO**, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co **núm. 2005/008191-1ª**, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Primeiro. Xunto coa solicitude presentouse acta ou certificación do acordo adoptado pola Asemblea Xeral da asociación de 27/07/2020, na que consta a identidade dos dos novos titulares da Xunta Directiva ou órgano de representación da entidade, e os seus respectivos cargos, coa seguinte composición:

ÓRGANO DE GOBERNO	NOME E APELIDOS
PRESIDENTE	FRANCISCO LOIMIL GARRIDO
VICEPRESIDENTE	JOSÉ MANUEL GARCÍA IGLESIAS
SECRETARIO	FERNANDO BARROS FORNOS
TESOUREIRO	JORGE LORENZO SOUTO
VOGAL	SANTIAGO BERMEJO DÍAZ DE RÁBAGO
VOGAL	JAVIER HEVIA DEL RÍO
VOGAL	MIGUEL ÁNGEL LÓPEZ LÓPEZ
VOGAL	LUIS GARCÍA VARELA
VOGAL	JUAN MANUEL MONTERROSO MONTERO
VOGAL	FRANCISCO RAMÓN DURÁN VILLA
VOGAL	MARÍA DOLORES ÁLVAREZ PÉREZ

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

**Primeiro.** O artigo 22 da Constitución española reconece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, reconece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

**Segundo.** O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, sobre asunción de funcións e servizos pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións, e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

**Terceiro.** En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa para a súa inscripción no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

**Cuarto.** Esta Secretaría Xeral Técnica é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 74/2018 do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, PROPOÑO:

Inscribir os titulares da xunta directiva ou órgano de representación da asociación REAL SOCIEDAD ECONOMICA DE AMIGOS DEL PAIS DE LA CIUDAD DE SANTIAGO de conformidade co expresado no feito primeiro desta resolución, e depositar no Rexistro a documentación preceptiva para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscripción non exonera os interesados do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital  
 A xefa do Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas

Mª Amadora Rodríguez Carreira

RESOLVO: de conformidade coa proposta que antecede  
 A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja

